



ENTROIDO 2024

Como en anos anteriores, o noso **MECO** indicará desde hoxe venres os mandatos a seguir desde o **luns 5 ao xoves 8**. Os mestres titulares encargarán de explicalo ao alumnado e tamén estará no propio boneco e nas redes sociais do colexo diariamente. Como adianto vai tamén van tamén ao final desta circular.

O **venres 9**, se o tempo o permite, **desfilaremos** todos os cursos cos disfraces feitos nas aulas. Todo o alumnado deberá vir de negro e cos tenis do colexo como base para o disfraz. O desfile está previsto para as **12 horas** e será ata a praza circular do Inferníño. Recoméndase que os grupos que non teñen protocolo de alerxias traian merendas típicas desta festa.

Pola tarde **Festa de Entroido e mercadiño solidario** para recadar fondos para a excursión de fin de curso do alumnado de 5º e 6º de primaria. Os mestres estaremos nos nosos postos polo que non poderemos encargarnos de atender ao alumnado. Na festa haberá:

- Concurso de disfraces. (3 premios individuais, 1 á mellor parella, 1 ao mellor grupo e 1 á mellor familia)
- Cafetería.
- Venta de todo tipo de doces e obxectos.
- Música, baile, actividades...

Esta festa será o **venres 9 entre as 17:00 e as 20:00 horas**.

Desexamos volver pasalo ben toda a comunidade educativa xunta.

Animádevos e convidade ás vosas amizadas!

Son o meco do cole Ludy, o Entroido con vós quero gozar.

Este ano ao mar imos honrar.

LUNS 5	MARTES 6	MÉRCORES 7	XOVES 8	VENRES 9
<p>Para poder buscar todo o que lixa o mar, Unhas gafas de mergullar has levar!</p> <p>Vale calquera tipo de gafas de auga, piscina, ou mesmo feitas de cartón.</p>	<p><i>Coas gafas de mergullar vimos o que lixa o mar, cortizas, botellas de plástico, recipientes vellos, bolsas e plásticos...</i></p> <p>Hoxe traeredes un colar, un sombreiro, unha pulseira... feito con algún material de refugallo (plástico, bolsas, cortizas, ...)</p>	<p>Honraremos ao noso mar, de cor azul imos chegar, un complemento traeremos, ben adornados viremos, de azul turquesa, azul mariño, todos a brillar!</p> <p><i>Chega con traer un complemento de cor azul.</i></p>	<p>Co traxe de baño has de vir,</p> <p>E no cole a aventura máis mariñeira has de contar!</p> <p>Non pararemos de rir!</p> <p><i>Cun bañador ou parte del por enriba do chándal.</i></p>	<p><i>O noso mar é o noso tesouro! cos seus barcos e pescadores, del vivimos, nel gozamos... Responsabilidade de todos é respectalo e coidalos.</i></p> <p><i>O venres desfilaremos de entroidada, explicando alto e claro que os mares e os océanos son imprescindibles para a vida!</i></p> <p><i>O mar do Ludy percorrerá as rúas festexando o Entroido!</i></p> <p><i>Xa no cole continuaremos a festa coas lambadas típicas e a bailar!</i></p>

A Dirección